

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2009.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugardos, ás nove horas e cinco minutos do día tres de decembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-presidente D. Xosé Fernández Barcia e coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados e D<sup>a</sup> Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa Garcia Barreiro.

Actúa como secretario, o que o é desta Corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrese no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 25.11.2009**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión realizada o día 25.11.2009.

Deseguido e ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde-Presidente propónse a inclusión, por razón da urxencia, do seguinte asunto: "**MODIFICADO Nº 1 DA MEMORIA VALORADA DE "ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL NA RÚA CASTELAO"**", e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, acorda declarar de urxencia o asunto e incluílo na orde do día como punto núm.8.

### **2.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE "ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE", INCLUIDAS NA 2ª FASE DO PAC-2009.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á proposta formulada pola alcaldía, que copiada literalmente di:

*"Por Resolución da Alcaldía nº 660/2009, do 23 de setembro a aprobación ao proxecto técnico das obras, incluídas na 2ª fase do PAC 2- 2009, na sesión celebrada o día 05-08-2008, proxectos do PaC que foron aprobados pola Deputación no Pleno celebrado o día 30 de outubro de 2009.*

*Vista a circular para a contratación das obras incluídas na 2ª fase do PAC 2- 2009, remitida pola Deputación Provincial, e atendidos os informes emitidos pola interventora municipal e o secretario da Corporación, obrantes no expediente, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

1.- Acordar a necesidade de contratación das citadas obras para mellorar ou dotar de firme adecuado os camiños que se detallan no proxecto técnico.

2.- Aprobar o expediente de contratación das obras e dispor a apertura do procedemento de adxudicación polo procedemento negociado, e aprobar o gasto, con cargo á partida 2009.0.511.0.61101 ( Acondicionamento e reparación de camiños no casco urbán, O Castro, O Seixo e Seselle) do orzamento vixente.

3.- Sinalar que o prego de cláusulas administrativas que rexerá a contratación será o **PREGO-TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE HABERÁN DE REXER PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDUREMTO NEGOCIADO DAS OBRAS COMPRENDIDAS NOS PLANS PROVINCIAIS**, aprobado pola Deputación Provincial de A Coruña, na sesión realizada o día 25.04.2008 (B.O.P. 29.04.08).

4.- Sinalar que no presente contrato non terá lugar a revisión de prezos."

### **3.- PROXECTO MODIFICADO Nº. 1 DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACIÓN DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DOS CASÁS, MUGARDOS", INCLUIDO NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL 2009.**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, por unanimidade, acorda:

1º.- Presta-la súa aprobación ao proxecto "MODIFICADO Nº. 1 DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACIÓN DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DOS CASÁS, MUGARDOS", INCLUIDO NO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL 2009, redactado polo arquitecto director de obra, D. Javier Vizcaíno Monti, de data novembro 2009, cun presuposto de execución por contrata de TRESCENTOS TRINTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVENTA E SEIS EUROS (331.296,00 €), Ive incluído, o que supón un incremento de VINTE MIL OITOCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (20.872 €) respecto ao contrato inicial.

2º.- Adxudicar directamente o "MODIFICADO Nº. 1 DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA "REPARACIÓN DE FIRME, AMPLIACIÓN Y DOTACIÓN DE ACERAS Y SERVICIOS EN LA RÚA DOS CASÁS, MUGARDOS" a D. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS (GAUXS) S.L. - adxudicatario do contrato inicial - no prezo de 20.872 euros, Ive incluído, o que supón que o prezo total do contrato, incluído o do presente modificado, queda fixado na contía de 331.296,00 euros, Ive incluído

3º.- Aproba-lo gasto con cargo á partida 2009.0.432.0.60104 do vixente presuposto.

4º.- Que se lle notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda ao reaxuste da garantía definitiva pola cantidade de 876,62 euros, así como á formalización administrativa da presente modificación.

#### **4.- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO CONTRATO DE "COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MUGARDOS"**

Transcorrido o prazo legal de quince días hábiles tras a publicación da adxudicación provisional e unha vez constituída polo adxudicatario provisional, D. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (S.C.I.) S.L. a garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, esto é, 3.424,80 euros, e presentada a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Adxudicar definitivamente o contrato de "COLABORACION NA XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADATORIA DO CONCELLO DE MUGARDOS", a D. SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL (S.C.I.) S.L, no prezo desglosado que figura a continuación:

a) Pola colaboración en vía voluntaria o prezo de 3,60 % do importe das cotas recadadas netas en período voluntario, IVE incluído.

b) Pola colaboración en vía de prema:

- O 99,60 % do importe dos recargos regulados no artigo 28 da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, recadados en período executivo, IVE incluído.

2º.- Aprobar o gasto con cargo á partida 2009.0.611.0.22708 do orzamento vixente.

3º.- Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P).

4º.- Que se requira ao adxudicatario para a formalización do contrato administrativo dentro do prazo de dez días hábiles, a contar do seguinte ao da notificación da presente adxudicación. Asimesmo, deberá notificarse ao resto dos licitadores.”

#### **5.- RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 838/2009.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ratificar a Resolución da Alcaldía nº 838/2009, de 25.11.2009, que copiada literalmente di:

*"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 838/2009.- Vistas as actuacións e documentación obrantes no expediente tramitado a instancia de Metalúrgica del Atlántico S.L., en solicitude de licenza municipal de actividade para a apertura e funcionamento de "INDUSTRIA METALÚRXICA" a emprazar en Avda. Yáñez Badía nº 19, desta localidade.*

*Atendidos o informe da Consellería de Sanidade de data 15 de setembro de 2009, o informe da arquitecta técnica municipal de data 23 de novembro de 2009, obrantes no expediente, e habida conta de que a instalación cumpre os requisitos esixidos pola normativa vixente.*

*Tendo en conta o ditame favorable da comisión de urbanismo e industria de data 25.11.2009, pola presente **RESOLVO:***

***Primeiro.**- Conceder a licenza definitiva para a instalación da actividade solicitada, segundo os seguintes proxectos técnicos:*

*- Proxecto constructivo para ampliación de nave industrial para industria metalúrxica visado polo COETICOR en data 16.05.2008, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Lendoiro Sánchez.*

- *Proxecto de actividade e instalacións para industria metalúrxica visado polo COETICOR en data 25.06.2008, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Lendoiro Sánchez.*

- *Anexo de proxecto de actividade e instalacións para industria metalúrxica visado polo COETICOR en data 19.09.2008, redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Manuel Lendoiro Sánchez.*

- *Anexo de produción e xestión de residuos visado polo COETICOR en data 15.12.2008.*

- *Proxecto de almacenamento de GLP de 33.600 l. aéreo e instalación receptora para nave industrial visado polo COETI en data 03.11.2008, redactado pola enxeñeira técnico industrial Dna. Susana Veiga Castro.*

- *Proxecto de ampliación e reforma de instalación eléctrica en Baixa Tensión para nave industrial (calderería) visado polo COETICOR en data 16.02.2009, redactado polos enxeñeiros técnicos industriais D. José M. Carnota Mosquera e D. Mario García Sanjuán.*

**Segundo.-** *Outorgar, en canto a competencia municipal e sen prexuízo do que corresponda a outros organismos, a seguinte licenza de 1ª ocupación:*

- **METALÚRGICA DEL ATLÁNTICO S.L. (N.R.E. 5.401/06.10.2009)**, para licenza de 1ª ocupación da ampliación de nave industrial, -concretamente dúas naves industriais de 2.662 m<sup>2</sup> e 3.994 m<sup>2</sup> e un anexo de 273,60 m<sup>2</sup>-, correspondentes ao expediente de licenza de obras 115/2008, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 15 de xaneiro de 2009, en Avda. Yáñez Badía nº 19, referencia catastral: 0719019NJ6101N, por axustarse aos proxectos técnicos indicados no punto anterior e que lle serviron de base.

**Terceiro.-** *Facer constar que o solo onde está situado ten a cualificación de SUI-Solo Urbano Industrial: Artigos 240 ao 247 do vixente PXOM. Refléctese no artigo 240, como “...La denominada INAGUI, próxima a la zona urbana de 4 caminos, en la parroquia de Mugardos”.*

*“...Cada una tiene las características de ser sus suelo base de emplazamiento de una única Empresa, por lo que en cada uno de estos casos se considera parcela al total del suelo grafiado en cada área respectivamente. Las edificaciones administrativas, naves o instalaciones industriales están separadas por viales interiores de propiedad, uso y mantenimiento privado”.*

*As condicións urbanísticas non se modifican.*

*Respéctase a excepcionalidade do retranqueo aprobado pola comisión de urbanismo de data 10 de abril de 2008.*

**Cuarto.-** *Efectuar a METALÚRGICA DEL ATLÁNTICO S.L. a liquidación correspondente en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras polo importe total do orzamento de execución material das obras que ascende á cantidade de 645.423,87 €, previa compensación da liquidación xa practicada en data 15.05.2007 (expte. 40/2007) por importe de 8.595,81 €, así como a liquidación correspondente en concepto de taxa por licenza de apertura de establecementos.*

**Quinto.-** *Notificar o presente acordo ao interesado cos recursos procedentes.*

*Sexto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local para a súa ratificación."*

## **6.- LICENZAS DE OBRAS.**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen prexuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

### **A) LICENZAS DE OBRAS MENORES:**

**- Dna. CONSUELO BLANCO BASTIDA (EXPTE. 144/2009) segundo solicitude de data 28 de agosto de 2009**, para substitución de cuberta na vivenda, en R/ do Cristo nº 31, referencia catastral: 0020918NJ6102S, segundo informe valorado redactado polo arquitecto D. Jesús A. Fernández Muiños, visado polo C.O.A.G. en data 26.08.2009.

A edificio sitúase nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Baixa Densidade (SU-BD) polo PXOM.

A obra non suporá:

- incremento de volume nin cambio de uso (que se entende é trasteiro/faiado para mantemento do tellado).
- Reestruturación completa nin obras de formigón armado. Autorízanse obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen a substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural con aportación de elementos novos con deseño ou natureza igual ou diferente aos substituídos pero respectando a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente dos edificios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- Dna. M<sup>a</sup> TERESA REGUEIRO FERNÁNDEZ (EXPTE. 159B/2009) segundo solicitude de data 14 de setembro de 2009**, para reaxustes interiores na ampliación do baixo cuberta, en Avda. Francisco Vizoso nº 77, referencia catastral: 3710109NJ6130N, segundo proxecto redactado polo arquitecto D. Nemesio López Alvargonzález, visado polo C.O.A.G. en data 09.09.2009.

A obra a realizar localízase nunha parcela cualificada como Solo de Núcleo Rural (SNR) polo PXOM.

A ampliación do baixo cuberta na vivenda unifamiliar realízase ao abeiro da licenza de obras (expte. 141/2006), concedida pola Xunta de Goberno Local en data 05.06.2008.

Os reaxustes consistirán na colocación de novas ventás nos pinchos da cuberta, eliminación de tabiques que pechaban a escaleira na planta baixocuberta, e engadidos de bidé no baño da mesma planta.

**- Dna. M<sup>a</sup> GLORIA GÓMEZ RODEIRO en representación de Dna. ANTONIA RODEIRO SECO (EXPTE. 166/2009)** segundo solicitude de data 22 de setembro de 2009, para colocación dun portalón e un portal peonil, en Avda. Bello Piñeiro nº 53, referencia catastral: 4220011NJ6141N.

Situarse cara o interior da parcela e non sobresalirá da aliñación que coincide coa beirarrúa.

Os portais non sobrepasarán unha máxima de 1,50 metros, sendo cegos ata unha altura máxima de 1 metro.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 6 meses.

**- Dna. JOSEFA ROMEU VARELA (EXPTE. 80/2009) segundo solicitude de data 1 de xuño de 2009**, para retellado, en R/ Barcias nº 60, referencia catastral: 3323811NJ6132S. Dacordo coa autorización da Consellería de Cultura e Turismo, Sección de Patrimonio Histórico de data 10.11.2009, obrante no expediente.

O edificio adicado a vivenda, atópase situado nunha parcela cualificada como Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA) polo PXOM.

A obra consistirá no cambio da tella nunha superficie aproximada de 100 m<sup>2</sup>.

Non suporá incremento de volume nin cambio de estrutura na vivenda.

Se se precisase colocar andamios na vía pública, deberá solicitar a correspondente licenza de ocupación da vía pública, achegando estudo de seguridade e saúde de montaxe e desmontaxe de andamios e nomeamento oficial de coordinador de seguridade e saúde.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

## **B) LICENZAS DE OBRAS MAIORES:**

**- D. JOSÉ LUIS DOMINGO DOPICO (EXPTE. 31/2009) segundo solicitude de data 11 de marzo de 2009**, para acondicionamento de nave existente para taller de automóbiles, en San Xoán de Piñeiro, referencia catastral: 4997118NJ6049N, segundo proxecto de actividade de data marzo 2009, redactado polo enxeñeiro industrial D. Juan Leira González. Unha vez presentado o nomeamento oficial do técnico director das obras en data 13.11.2009 (N.R.E. 6.135) e concedida a licenza de actividade pola Xunta de Goberno Local en data 01.10.2009.

A parcela onde está situada ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural, polo PXOM.

A finalidade da licenza é a realización de obras de acondicionamento nunha nave existente, e que consisten nas instalacións de electricidade, fontanería, saneamento, aire e contra incendios.

A construción atópase fóra de ordenación ao non cumprirse o recuamento lateral mínimo

de 3 m., vixente de acordo co artigo 29 da LOUG.

A obra enténdese no marco das obras parciais de consolidación e nova planta admisibles en edificios fóra de ordenación (art. 49.3 do PXOM), aínda que exceden das de conservación, mantemento e reforma menor ao ter a consideración de obra maior.

O técnico director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto, o enxeñeiro industrial D. Juan Leira González.

Orzamento: 8.641,52 €

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

**- D. DARIÓ CARREIRA SOUTO (EXPTE. 69/2009) segundo solicitude de data 14 de maio de 2009**, para ampliación de vivenda unifamiliar illada, en R/ Penedo nº 65, referencia catastral: 1821407NJ6112S, segundo proxecto básico visado polo C.O.A.G. en data 11.05.2009, redactado pola arquitecta Dna. Xulia Cortizas Díaz. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (1.318,01 €) e asinada a correspondente escritura pública de segregación e cesión de terreo (58,35 m<sup>2</sup>).

A parcela onde está situada ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural, polo PXOM.

A finalidade da licenza é a ampliación dun edificio para destinalo a vivenda unifamiliar e a súa urbanización ao fronte da parcela de 58,35 m<sup>2</sup>, dos cales se adica o orzamento a:

- Sub-base granular, zahorra artificial
- Imprimación, mestura-quenta G-25, rego adherencia
- Mestura bituminosa D-12

As condicións urbanísticas son:

	PROXECTO	NORMATIVA
a) Parcela mínima	471,00 m <sup>2</sup> *	600,00 m <sup>2</sup>
b) Fachada mínima	26,63 m.	6 m.
c) Aliñacións	cumpre	plano
d) Lindeiros	3,5 m.	3 m./ados.
e) Ocupación parcela	31,36 %	50 %
f) Altura	5,45 m.	7,00 m.
g) Edificabilidade	0,56 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	1,00 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
h) Cuberta	cumpre	art. 84

\* por tratarse de ampliación de vivenda

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 52.300,00 €

A arquitecta directora da obra é a mesma que a redactora do proxecto Dna. Xulia Cortizas Díaz, e o arquitecto técnico director está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que

dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

*Previo ao inicio das obras deberá obter o preceptivo permiso de inicio das obras dacordo co proxecto de execución xa presentado.*

- **D. JAIME POU MAS (EXPTE. 75/2009) segundo solicitude de data 25 de maio de 2009**, para construción de vivenda unifamiliar illada e execución de urbanización, en Simou, Lugar da Manguela, referencia catastral: 9907404NJ5190N, segundo proxecto básico refundido visado polo C.O.A.G. en data 15.09.2009, redactado polo arquitecto D. Evaristo Lameiro Sánchez. Unha vez constituído aval para garantir as obras de urbanización polo importe total da memoria (3.036,00 €) e asinada a correspondente escritura pública de segregación e cesión de terreo (101,20 m<sup>2</sup>).

A parcela onde está situada ten a cualificación de SNR, Solo de Núcleo Rural, polo PXOM.

A finalidade da licenza é a construción dunha vivenda unifamiliar illada e a execución da urbanización ao fronte da parcela de 101,20 m<sup>2</sup>, coas seguintes características:

- Sub-base
- Regos asfálticos
- Encanamento para pluviais con sumidoiros e rexistros de fundición

As condicións urbanísticas son:

Ámbito de aplicación	Delimitación en planos do PXOM	
Réxime aplicable	A Lei 9/2002 e condicións máis restritivas fixadas polo PXOM	
	Paramentos urbanísticos	Proxecto
Parcela mínima	600 m <sup>2</sup>	2.584,10 m <sup>2</sup>
Fronte mínimo	6 m.	56 m.
Aliñacións	As fixadas nos planos do PXOM. Mínimo 4 m. dende o eixo da vía.	As fixadas nos planos do PXOM, 4 m. dende o eixo da vía para unha vía de 8 m.
Edificabilidade	1 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,16 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ocupación máxima da parcela bruta	50 %	11 %
Recuamentos	3 m. a lindes laterais e posterior	4,6 m. a linde lateral, 10,5 m. a linde posterior
Altura máxima	B+1 e 7 m.	B+1 e 6,95 m.
Cubertas	As xerais do art. 84 modificado. Pendente máx. 30 ° e beirados máx. 1 m.	Cumpre. Pte. 15 ° e beirados 50 cm.
Baixo cubertas	Uso residencial vencellado á vivenda	---
Escaleiras	Non se permiten exteriores agás de acceso á planta baixa.	---
Urbanización	Resolución previa e simultánea de acceso rodado e servizos, con cesión de terreos	Si.

	por aliñación e urbanización correspondente.	
--	--	--

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 232,442,00 €

O arquitecto director da obra é o mesmo que o redactor do proxecto D. Evaristo Lameiro Sánchez, e o arquitecto técnico director está sen nomear.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ó Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ó proxecto aprobado. No momento da notificación deberá ter efectuado os replanteos precisos. Prohíbese realizar: talas de árbores, demolicións, movementos de terras o calquera traballo que dificulte ou distorsione a apreciación municipal de as circunstancias que afecten a ditas obras. A non observancia destes extremos considerárase falta grave.

***Previo ao inicio das obras deberá presentar o correspondente Proxecto de Execución visado e nomeamento oficial de director de execución da obra, e obter así o preceptivo permiso de inicio das obras.***

***NOTA:*** Para a construción dos peches que figuran no proxecto deberá solicitar a correspondente licenza de obras, xa que no proxecto non figuran todos os datos necesarios para a súa aprobación.

### **C) RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E CONCESIÓN DE LICENZA (EXPTE. 150/2009)**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da arquitecta municipal de data 11.11.2009, así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, por unanimidade, acorda:

1. Estimar as alegacións presentadas por D. Manuel Núñez González (N.R.E. 5.803/28.10.2009) polos motivos expostos no informe da arquitecta municipal arriba indicado, e do que resulta acreditado que o alegante aporta a documentación acreditativa da ampliación da vivenda, e polo tanto, enténdese que a vivenda é unha edificación executada ao abeiro de licenzas municipais e autorizacións.

2. Conceder, en consecuencia, a seguinte licenza de obras:

**- D. MANUEL NÚÑEZ GONZÁLEZ (EXP. 150/2009) segundo solicitude de data 1 de setembro de 2009**, para cambio de cuberta, en R/ da Estación nº 5, referencia catastral: 000500400NJ60G.

A edificación está situada nunha parcela cualificada polo PXOM como Solo Rústico Común (SRC).

A obra consistirá no cambio de cuberta con colocación de vigas de cemento, uralita e tella do país.

Non suporá incremento de volume nin cambio de uso.

Non suporá reestruturación completa nin obras de formigón armado. Autorízanse obras encamiñadas á conservación e mantemento que impliquen a substitución parcial ou total dalgún elemento estrutural con aportación de elementos novos con deseño ou natureza igual ou diferente

aos substituídos pero respectando a organización espacial, a tipoloxía estrutural e a composición exterior da envolvente dos edificios.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 12 meses.

## **7.- APROBACION DO GASTO.**

A) Tendo en conta a relación de gastos elevada á Xunta de Goberno Local pola Intervención Municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2009, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
2203	341	2009.0.432.0.22710	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO, MES OUTUBRE	3.103,13 €
2204	12	2009.0.611.0.22708	GONZALO RODRIGUEZ FERNANDEZ 5% IMPORTE LIQUIDACION 10/2009	13.735,01 €
2205	MG11/2009	2009.0.313.0.22718	ANA NAYA GARCIA, S.L. CONTRATO ADMINISTRATIVO DO SERVIZO PUBLICO DE ATENCION A INFANCIA ESCOLA INFANTIL AS LAGOAS, MES NOVEMBRO	5.995,47 €

2º.- Aprobar o seguinte gasto, con carácter extrapresupostario:

Construcciones Manuel Varela Collazo, S.L., factura nº 47, a cantidade de 3.850,63 euros, por traballos realizados de seguridade e saúde laboral e tratamento de residuos por mor das obras de "Demolicións rúa Barral nº 2", sendo o importe por conta do propietario da vivenda.

### **B) RECTIFICACIÓN ERRO EN PARTIDA EN CERTIFICACIÓN Nº. 4 DA OBRA DE "RESTAURACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL".**

Tendo en conta o informe emitido pola interventora municipal en data 02.12.2009, obrante no expediente, relativo ao erro padecido na partida imputada á certificación núm. 4 da obra de "RESTAURACION DO MERCADO MUNICIPAL" no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 17.09.2009, toda vez que se ten aprobado o gasto con cargo á partida 2009.1.611.0.63202 cando a partida correcta é 2009.1.622.0.63202, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda rectificar o erro padecido.

## **8.- MODIFICADO Nº 1 DA MEMORIA VALORADA DE "ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL NA RÚA CASTELAO"**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta os informes emitidos pola secretaría e intervención municipais, por unanimidade, acorda:

1º.- Presta-la súa aprobación ao proxecto "MODIFICADO Nº. 1 DA MEMORIA VALORADA DE "ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL NA RÚA CASTELAO", redactado pola arquitecta directora de obra, Dna. Olga Fra Gálvez, cun presuposto de execución por contrata de OITENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVE CÉNTIMOS (86.992,09 €), Ive incluído, o que supón un incremento de SEIS MIL CATROCIENTOS TRECE EUROS CON SETENTA E CATRO CÉNTIMOS (6.413,74 €) respecto ao contrato inicial.

2º.- Adxudicar directamente o "MODIFICADO Nº. 1 DA MEMORIA VALORADA DE "ACONDICIONAMENTO DO LOCAL SOCIAL NA RÚA CASTELAO" a D. TERRAUGA, PROYECTOS Y OBRAS S.L. - adxudicatario do contrato inicial - no prezo de 6.413,74 euros, Ive incluído, o que supón que o prezo total do contrato, incluído o do presente modificado, queda fixado na contía de 86.992,09 euros, Ive incluído

3º.- Aprobalo gasto con cargo á partida 2009.0.313.0.62200 do vixente presuposto.

4º.- Que se lle notifique ao adxudicatario o presente acordo dentro do prazo de dez días e se lle requira para que, dentro do prazo de quince días, contados a partir da notificación, proceda ao reaxuste da garantía definitiva pola cantidade de 269,37 euros, así como á formalización administrativa da presente modificación.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e vinte e catro minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE